

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUIDAS PARA A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

Visto o expediente que se tramita para a selección por oposición de 2 peóns/peoas forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 237/2025 do 02/06/2025, modificadas pola Resolución da Alcaldía 322/2025 do 15/07/2025, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2025-5433 (peóns/peoas forestais), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 28/07/2025 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de peón/peoa forestal, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
699	CALVO GONZÁLEZ MARÍA DE LA PASIÓN	EXCLUÍDA	Non aporta a documentación referida na base 6.3
818	FRANCO BRALO MARÍA MERCEDES	EXCLUÍDA	Non aporta a documentación referida na base 6.5
695	JIMENEZ JIMENEZ ROBERTO CARLOS	EXCLUÍDO	Non aporta a documentación referida na base 6.3
954	MONTERO ROMERO CARLOS ANTONIO	ADMITIDO	
897	NUÑEZ DOMÍNGUEZ RAMÓN	ADMITIDO	

Segundo.- As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo dun día hábil para achegar as emendas das deficiencias sinaladas, ao Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Terceiro.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe